



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2023. (EXPEDIENTE 2023/G010/000013).

<p>ASISTENTES:</p> <p>Alcalde-Presidente: D. José Manuel López Varela (PP)</p> <p>Concelleiros/as: D. José Ramón Martínez Barbeito (PP) Dna. Patricia María Bello Canedo (PP) Dna. M^a del Rocío López Rey (PP) D. Pablo Cambón Bértoa (PP) D. José Alberto Blanco Veiga (PP) Dna. M^a Almudena Martínez Pérez (PP) Dna. Verónica Pérez Verdía (PP) D. Juan Carlos Amado Collazo (PP) Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas (PP) D. Manuel García Montes (PP) Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP) Dna. Carolina Castiñeiras Brandón. (BNG) D. Xosé M^a Cotelo Freire (BNG) D. David Antonio Bermúdez Lamas (BNG) Dna. Inés Ramos López. (PSdeG-PSOE)</p> <p>A secretaria acctal.: Dna. Lucía Barreiro Angeriz</p> <p>O interventor: D. Eduardo Mera Rico</p>	<p>No Salón de Plenos do Concello da Laracha, sendo as 13:37 horas do 29 de decembro de 2023, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro.</p> <p>Foron asistidos pola secretaria e interventor municipais.</p>
---	--

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

ÚNICO.- APROBACIÓN INICIAL DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DO CADRO DE PERSOAL PARA O EXERCICIO 2024.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Dáse conta do ditame da a Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, celebrada o día 24 de novembro de 2023, de “Establecemento do imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana e aprobación provisional da ordenanza fiscal 1.4 reguladora do imposto”, que se transcribe no seu literal:

PRMEIRO.- Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2024 por importe de 10.370.000,00 euros.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente os estados de gastos e ingresos do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico 2024, acompañados da memoria de alcaldía e do informe económico financeiro, co seguinte resumo por Capítulos:

ESTADO DE GASTOS

CAP CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	2.840.100,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	6.037.800,63
3	Gastos financeiros	10.000,00
4	Transferencias correntes	524.100,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	1.360.500,00
7	Transferencias de capital	108.398,36
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	89.101,01
	TOTAL GASTOS	10.970.000,00

ESTADO DE INGRESOS

CAP CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A. OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	2.841.500,00
2	Impostos indirectos	100.356,27
3	Taxas e outros ingresos	1.681.550,00
4	Transferencias correntes	5.057.326,19
5	Ingresos patrimoniais	46.000,00
	B. OPERACIÓNS DE CAPITAL	

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

6	Enaxenación de Investimentos reais	-----
7	Transferencias de capital	643.267,54
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	600.000,00
TOTAL INGRESOS		10.970.000,00

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente as Bases de Execución do orzamento, o Anexo de Personal, o Anexo de Investimentos e o Estado da Débeda.

TERCEIRO.- Aprobar inicialmente o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO.- Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Municipal para o ano 2024 e o Cadro de Persoal aprobados polo prazo de 15 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar aprobados definitivamente estes acordos para o caso de que non se presenten ningunha reclamación.

SEXTO.- Remitir copia do orzamento á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Toma a palabra a concelleira do PSOE, Dna. Inés Ramos, indicando que vai a votar en contra.

Indica que o Grupo Municipal Socialista da Laracha non pode estar de acordo co proxecto de orzamento que presenta o Goberno municipal para o vindeiro exercicio, ao considerar que non resulta, para nada, indicativo do modelo de pobo que A Laracha precisa. Os orzamentos propostos polo Goberno local para o ano 2024 resultan unha simple copia das contas achegadas en exercicios anteriores, sen considerar ningún tipo de evolución nin de cambio e sen ter en conta as necesidades reais e actuais da poboación larachesa e situación económica que se está a vivir. A cambio os laracheses reciben unha subida dos impostos con un sablazo fiscal aos laracheses e larachesas xa que os impostos directos medran un 11,52% e un aumento dos salarios dos políticos do Goberno. Despois de este sablazo esperaban uns Orzamentos un pouco máis ambiciosos.

A continuación, toma a palabra a voceira do BNG, Dna. Carolina Castiñeiras, indicando que o seu voto e xustificación do mesmo vai no mesmo sentido que o do PSOE, en coherencia co indicado polo seu partido nos Plenos do 2023.

Critica que o Goberno municipal incrementa os impostos nun dos momentos que mais problemas ten a cidadanía coa subida da inflación e que se aumenten os salarios dos políticos e políticas con adicación exclusiva en un 15%, moi por riba da suba de soldo do resto dos traballadores que é do 2%. Ademais considera que o capítulo de inversións é moi decepcionante e continua sen engadirse inversións que fagan que se realicen ciclos formativos no IES Agra de Leborís, que aínda que sexa

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

competencia da Xunta, desde o Concello se debería facilitar a integración destes ciclos, coa compra de terreos, por exemplo. Tamén se deberían investir en outros elementos patrimoniais, como o castro de Santa Baia ou a realización de un novo auditorio ou Casa da Cultura no casco urbano da Laracha, xa que a que hai quédase pequena ante as necesidades actuais. Realiza un último apunte en relación coa subvención nominativa que se lle outorga á Comisión de festas da Laracha de 50.000€, xa que non lle parece normal que vaia como subvención nominativa nas Bases de execución do Orzamento, xa que é unha cantidade moi desproporcionada con respecto a outras subvencións que se lle outorgan ao resto de Comisións de festas do resto de parroquias. Propón que as festas da Laracha se realicen a través de un comité de festas como en outros Concellos a través da Concellería de Cultura e asociacións da parroquia.

O sr. Alcalde, D. José Manuel López, inicia a súa intervención agradecendo aos Servizos económicos do concello por ter realizado estes Orzamentos antes do novo exercizo, sobre todo ao Interventor do Concello da Laracha, ao cal aproveita para desearlle sorte no seu novo posto como Tesoureiro no Concello de Betanzos.

En resposta ao indicado polas voceiras do PSOE e BNG o Alcalde sinala que é a mesma historia que todos os anos e que non son xustas as exposicións. En relación á subida dos salarios do grupo municipal non é verdade que aumenten un 15%, xa que houbo un cambio de goberno en xuño de 2023, e os novos sueldos aprobaronse no Pleno de organización e desde eso subiron o 2% ao igual que o dos traballadores. Indica que é unha mentira intencionada por parte dos partidos da oposición. Con respecto ás infraestruturas contesta que o Concello da Laracha está equiparado a outros concellos que o triplican en poboación. O Orzamento para o ano 2024 increméntase en un 11,37% con respecto ao do 2023. Con respecto aos impostos sinala que desde o 2012 non subiron e que o novo imposto de Plusvalía está instaurado no 90% dos Concellos. O da recollida do lixo vaise cobrar 65 euros no rural e 75 no urbano, non se cobra polo Punto Limpo, recollida de voluminosos, hai un deficit do 30%. Fai un repaso por todas as Concellerías e servizos que presta o concello: no apartado medioambiental sinala que o concello ten varios recoñecementos, a Bandeira Verde e Vilas en Flor e foi pioneiro en Galicia en xestionar xunto con Sogama a recollida de residuos orgánicos mediante o contenedor marrón. Ademais vaise comprar un novo camión do lixo. Con respecto as Festas e as subvencións nominativas indica que a labor que se realiza polas Comisións é incomiable e que se van a seguir apoiando por medio das subvencións nominativas. En relación aos servizos sociais, votar en contra destes Orzamentos, é votar en contra da Axuda no Fogar e do resto dos programas destes Servizos. Con respecto a Cultura e Deportes, sinala que en Nadal todos os días hai actividades, ao igual que o resto do ano. En Educación indica que tamén queren a implantación da FP no IES Agra de Leborís e ser sede de zona da Implantación Dual pero que ten que realizarse desde a Consellería da Xunta. Fala de melloras realizadas no resto dos centros educativos. Quere resaltar a concellería de Servizos Sociais, Promoción económica e comercio a través das campañas realizadas e a gran resposta dos comercios e veciños, os programas de emprego como o PIE ou os Obradoiros de Emprego, aulas de informática en varios edificios, Aula Mentor, a posta en marcha da Formación de capacitación dixital...Para rematar indica os 1,3 millóns de euros que se destinarán a proxectos de melloras de infraestruturas públicas e equipamentos relacionados coa sostenibilidade: placas fotovoltaicas, ampliación do Punto Limpo, mellora dun tramo do paseo marítimo de Caión a reforma da casa rectoral de Montemaior e da Casa do Concello. Sinala tamen que a este Orzamento se lle unirán remanentes durante o ano 2024.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O sr. Alcalde remata este tempo de intervención respondendolle á portavoz do BNG con respecto a un novo auditorio na Laracha, que grazas por leer o programa do PP xa que nel xa se fala de crealo, pero mentras, hai outros centros que se fixeron para poder acoller as actividades impulsadas polo goberno. Con respecto ao IBI é o mais barato igual que o de Carballo, onde goberna o seu partido. E acaba contestando xa lle gustaría presentalo a vostede e que da igual o que trouxeramos porque o presenta o PP.

Á portavoz do PSOE, o sr. Alcalde respóstalle que lle recomenda que mire onde vive e que non coñece o terreo onde reside. As súas valoracións veñenlle dadas polo partido xa que valen para mais concellos. A esta contestación, a portavoz do PSOE, Dña. Inés Ramos, solicita que conste en acta este comentario, para que non haxa problemas como con outras actas do Pleno que están denunciadas ante a Fiscalía. O sr. Alcalde resposta que desde o concello non se ten coñecemento desa denuncia xa que non tivo entrada nada ao respecto.

Continúa a sesión coa volta de intervencións por parte do PSOE na cal indica que non ten mais que ingadir ao exposto na primeira intervención resaltando que son uns Orzamentos nada innovadores e continúan no mesmo sentido que os anteriores. O sr. Alcalde responde que se incorporarán melloras aos mesmos coa incorporación de remanentes.

Toma a palabra de novo a voceira do BNG, Dña. Carolina Castiñeiras, sinalando que con respecto ao aumento do soldo do Goberno municipal, o aprobado no Pleno de Organización da nova Corporación non se axustaba a realidade xa que o Concelleiro de Obras non iba a cobrar pola súa dedicación. O alcalde responde que a están asesorando mal ou quere enganar aos veciños.

Rematan as intervencións con un intercambio de opinións entre Dña. Carolina Castiñeiras e o sr. Alcalde, con respecto ao periodo de sombra polas vindeiras eleccións ao Parlamento de Galicia e a campaña publicitaria realizada pola Deputación da Coruña coa súa labor no Concello da Laracha no último ano, criticada polo Sr. Alcalde e defendida pola portavoz do BNG, e da Xunta de Galicia con respecto as axudas á libranza, criticada polo BNG e defendida polo PP.

O sr. Alcalde da por rematadas as intervencións e sométese o ditame a votación quedando aprobado **por MAIORÍA DE de 12 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo Municipal do PP: D. José Manuel López Varela, D. José Ramón Martínez Barbeito, Dña. Patricia María Bello Canedo, Dña. M^a del Rocío López Rey, D. Pablo Cambón Bértoa, D. José Alberto Blanco Veiga, Dña M^a Almudena Martínez Pérez, Dña. Verónica Pérez Verdía, D. Juan Carlos Amado Collazo, Dña. Ana Belén Rodríguez Vilas, D. Manuel García Montes, Dña. Cristina Vieites Calvo; **e 5 votos en contra** das persoas que integran o grupo municipal do BNG: Dña. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé M^a Coteló Freire, D. David Antonio Bermúdez Lamas e da concelleira do grupo municipal do PSOE: Dña. Inés Ramos López, o ACORDO seguinte:

PRMEIRO.- Aprobado o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2024 por importe de 10.370.000,00 euros.

SEGUNDO.- Aprobado inicialmente os estados de gastos e ingresos do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico 2024, acompañados da memoria de alcaldía e do informe económico financeiro, co seguinte resumo por Capítulos:

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es**ESTADO DE GASTOS**

CAP	CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
		A) OPERACIONES CORRENTES	
	1	Gastos de persoal	2.840.100,00
	2	Gastos en bens correntes e servizos	6.037.800,63
	3	Gastos financeiros	10.000,00
	4	Transferencias correntes	524.100,00
		B) OPERACIONES DE CAPITAL	
	6	Investimentos reais	1.360.500,00
	7	Transferencias de capital	108.398,36
	8	Activos financeiros	-----
	9	Pasivos financeiros	89.101,01
		TOTAL GASTOS	10.970.000,00

ESTADO DE INGRESOS

CAP	CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
		B. OPERACIONES CORRENTES	
	1	Impostos directos	2.841.500,00
	2	Impostos indirectos	100.356,27
	3	Taxas e outros ingresos	1.681.550,00
	4	Transferencias correntes	5.057.326,19
	5	Ingresos patrimoniais	46.000,00
		C. OPERACIONES DE CAPITAL	
	6	Enaxenación de Investimentos reais	-----
	7	Transferencias de capital	643.267,54
	8	Activos financeiros	-----
	9	Pasivos financeiros	600.000,00
		TOTAL INGRESOS	10.970.000,00

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente as Bases de Execución do orzamento, o Anexo de Personal, o Anexo de Investimentos e o Estado da Débeda.

TERCEIRO.- Aprobar inicialmente o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

CUARTO.- Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Municipal para o ano 2024 e o Cadro de Persoal aprobados polo prazo de 15 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar aprobados definitivamente estes acordos para o caso de que non se presenten ningunha reclamación.

SEXTO.- Remitir copia do orzamento á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 14:29 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión. Autorízase esta acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.